

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de xaneiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA A DESPOBOACIÓN**

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 2 de decembro de 2025 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto

Demográfico pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita conta a despoboación, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2025 (BOE núm. 291, do 04/12/25). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para cofinanciar o remate das obras do edificio polivalente de uso asistencial, así como para dotar de equipamento e mobiliario a ditas instalacións, unha vez rematadas as obras.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico unha subvención por importe de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 €) para o financiamento da actuación denominada “*Construción dun edificio polivalente de uso asistencial, destinado a Centro de Día e Punto de Atención Infantil (PAI)*”.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a habilitar crédito suficiente para completar o financiamento do proxecto, no caso de que sexa concedida a axuda solicitada.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

### **3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2026/2027 – LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026**

No Boletín Oficial da Provincia núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2026, publicáronse as bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027.

Dito Plan estrutúrase en catro liñas de actuación. Entre elas figura a liña 3 denominada “*activación do emprego 2026*”. O Sr. alcalde considera

conveniente optar á correspondente subvención na referida “*liña 3*”, solicitando unha axuda para a contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aceptar na súa totalidade as Bases do referido Plan.

Segundo.- Solicitar unha subvención por importe de CIENTO VINTE E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (125.861,78 €) con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027, Liña 3 – Activación do Emprego 2026 – con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as, dadas as necesidades urxentes e inaprazables de persoal en sectores, funcións e categorías profesionais indispensables para satisfacer as necesidades básicas da veciñanza e/ou para asegurar o funcionamento da entidade e dos seus órganos de goberno, cos seguintes perfís profesionais:

- ✓ 1 traballador/a social en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e seis (26) días.
- ✓ 1 educador/a social en xornada completa (37,5 horas/semana), por un período de sete (7) meses e catorce (14) días.
- ✓ 2 técnicos/as superiores en educación infantil, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e seis (26) días.
- ✓ 1 auxiliar administrativo/a, en xornada parcial (20 horas/semana), por un período de nove (9) meses e dez (10) días.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e seis (26) días.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de seis (6) meses e dez (10) días,
- ✓ 1 peón de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de dous (2) meses e vinte e un (21) días.
- ✓ 1 peón de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de catro (4) meses

Terceiro.- Aprobar a memoria descritiva denominada “*Memoria global dos servizos Plan Máis Provincia. Liña 3 “Activación do emprego 2026”*”.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €), sendo este órgano o competente para comprometer as achegas.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

#### **4.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL DO CONCELLO**

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de administrativo-encargado do Centro Cultural “Manuel Lamazares”, Don José Carballo Suárez (RE-E núm. 16, do 12/01/26), solicitando o recoñecemento do noveno trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 31 de xullo de 2008, 11 de decembro de 2008, 16 de febreiro de 2011, 29 de xaneiro de 2014, 25 de xaneiro de 2017, 31 de xaneiro de 2020 e 7 de xuño de 2023, recoñeceulle o dereito ao percibo de oito trienios.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don José Carballo Suárez o seu dereito a percibir o noveno trienio con data de consolidación do día 6 de xaneiro de 2026 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2026.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*